



CONVOCATORIA PARA A PRESENTACIÓN DA ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTO DE IDIOMA INGLÉS, PARA A ADMISIÓN AOS ESTUDOS DE GRAO EN XESTIÓN INDUSTRIAL DA MODA, PARA O CURSO ACADÉMICO 2019/2020

As normas vixentes que regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o procedemento de admisión ás universidades públicas españolas, permiten que as universidades poidan establecer requisitos para a admisión a determinadas ensinanzas. Non obstante, a acreditación do cumprimento destes requisitos non exime da realización dos trámites de acceso e admisión á universidade regulados polo Real decreto-lei 5/2019, de 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

De acordo co disposto na memoria de verificación do Grao en Xestión Industrial da Moda, para ser admitido neste será necesario acreditar, polo menos, o cumprimento dun dos seguintes requisitos de coñecemento do idioma inglés, mediante a presentación de calquera dos seguintes xustificantes:

1. Certificación oficial de nivel B1 de inglés (só admitiranse os certificados recoñecidos pola Asociación de Centros de Linguas na Ensinanza Superior, www.acles.es).
2. Cualificación en inglés igual ou superior a 7 nos dous cursos de bacharelato.
3. Ter cursado, en sistemas educativos de fala inglesa, 4.º curso de ESO ou un curso de bacharelato.



4. Diploma de asistencia e aproveitamento de nivel B1.2 ou superior de inglés, ou diploma de dominio de nivel B1 ou superior de inglés do Centro de Linguas da Universidade da Coruña. Tamén se admitirán certificados similares expedidos por outros centros de linguas de universidades españolas.

De acordo co exposto, establécese o prazo desde o 8 de abril de 2018 ata o 23 de xuño de 2019, ambos os dous días incluídos, para presentar calquera dos xustificantes que acrediten o cumprimento do requisito para o acceso ao Grao en Xestión Industrial da Moda. Estes presentaranse a través da páxina web <http://gradoindustrialmoda.udc.gal/requisitos-ingles-y-plazos/>

CALENDARIO:

08/04/2019 a 23/06/2019	Presentación dos xustificantes
26/06/2019	Publicación da lista provisional de persoas con xustificantes admitidos
27/06/2019 a 03/07/2019	Reclamacións á lista provisional
05/07/2019	Publicación da lista definitiva e envío dos datos á CIUG

A Coruña, 5 de abril de 2019

O reitor

PD. (RR 12/01/2016)

A vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente

Nancy Vázquez Veiga